

p.o. 

PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA PRAZA DENOMINADA DELINEANTE, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS/AS AUXILIARES, GRUPO C - SUBGRUPO C1, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 (BOP núm. 111, do 16.05.2025)

1.- CUALIFICACIÓNS TERCEIRO EXERCICIO (Base Específica 7.3)

O Tribunal encargado de xulgar o proceso selectivo acordou conceder, por unanimidade, a seguinte puntuación, ata un máximo de 20 puntos:

APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN
REY MODIA, PATRICIA	15,00

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio, sendo necesario alcanzar un mínimo de 10 puntos para superalo.

2.- ALEGACIÓNS AO TERCEIRO EXERCICIO (Base Xeral 8.1.2.8)

A aspirante, de estimalo oportuno, poderá presentar alegacións ao terceiro exercicio no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte o da publicación do presente anuncio na páxina web corporativa e no taboleiro de edictos da Deputación de Lugo.

3.- CUARTO EXERCICIO (Base Específica 7.4)


A vista de que a única aspirante que continúa no proceso selectivo acreditou estar en posesión do nivel do galego Celga 4 esixido na base específica 5.2 da convocatoria, non é necesario realizar a proba prevista na base específica 7.4.

4.- APERTURA DO PRAZO DE ACREDITACIÓN DE MÉRITOS

Rematada a fase de oposición e ao obxecto de realizar a fase de concurso, a única aspirante que a superou, deberá acreditar documentalmente os méritos relacionados na súa solicitude de participación, tal e como se sinala para cada un dos apartados do baremo que figura na base específica 8.

Para realizar as acreditacións de méritos, a aspirante deberá ter en conta que os documentos acreditativos deber ser auténticos, estar validados ou compulsados.

Se os méritos non se acreditan tal e como sinalan as bases non serán tidos en conta polo Tribunal.



4.1.- Prazo de presentación

O prazo será de dez días hábiles a contar dende o seguinte o da publicación do presente anuncio na páxina web corporativa e no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo.

4.2.- Lugar de presentación

a) A través da sede electrónica da Deputación de Lugo.

Se os documentos acreditativos dos méritos relacionados na solicitude, están autenticados, validados ou compulsados, poderá incorporarse a través da sede electrónica, accedendo á solicitude de participación no proceso selectivo, no apartado "incorporar documentación", debendo asinar e rexistrar dito trámite.

b) No Rexistro Xeral da entidade de forma presencial, debendo facilitar a data e número de rexistro de entrada da solicitude de participación no proceso selectivo.

No suposto de que sexa necesario realizar validacións/compulsas de méritos, deberán achegarse os documentos orixinais, que serán devoltos á aspirante, unha vez sexan incorporados ao respectivo expediente electrónico.

c) Nos demais lugares que se sinalan no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.3.- Méritos que constan na entidade

Dado que a entidade dispón dun sistema de acceso á ficha formativa das persoas empregadas, aqueles aspirantes que se atopen prestando servizos na Deputación poderán acceder á mesma a través da ligazón <https://intralugo.deputacionlugo.org/>, co fin de emendar as deficiencias detectadas e incorporar as novas acreditacións relacionadas na súa solicitude de participación. Unha vez actualizada, deberá descargar a ficha formativa e incorporala á súa solicitude de participación, a través da sede electrónica.

Incorporarase de oficio á solicitude de participación, a certificación correspondente aos servizos prestados na entidade.

Tanto a **certificación de servizos prestados** como a **ficha formativa** deberán ser asinados pola aspirante e incorporadas ao expediente electrónico da súa solicitude de participación, co obxecto de prestar a súa conformidade.

O secretario do Tribunal,

	IV7QQGI3J4E33P47AMAC4IXGOI		Fecha y Hora	07/11/2025 13:52:12	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE FERREIRO FERNANDEZ				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQGI3J4E33P47AMAC4IXGOI		Página	2/2	